

## CONVOCATORIA PARA A PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS DE MICROCREDENCIAIS UNIVERSITARIAS AO ABEIRO DO “PROGRAMA DE BOLSAS SANTANDER-MICROCREDENCIAIS 2026”

A presente convocatoria ten por finalidade seleccionar propostas para impartir cursos de microcredenciais universitarias nas que o estudantado matriculado poida dispoñer dunha das 65 bolsas do Banco Santander Microcredenciais 2026.

A cada curso asignaráselle un número de bolsas ata un máximo de 15, que estará en función do número de solicitudes presentadas. O importe do financiamento por estudante é de 300 euros.

As propostas de microcredenciais universitarias que soliciten participar neste programa deben cumprir os requisitos xerais deste tipo de formación específica, que se poden consultar neste enlace: <https://www.usc.gal/gl/centro/centro-estudos/microcredenciais-universitarias>.

Ademais deben terse en conta os seguintes requisitos específicos:

- o prezo público do curso debe ser igual ou superior á 300 euros.
- a microcredencial universitaria debe ter unha duración superior a 3 ECTS e inferior a 15 ECTS.
- a actividade docente debe desenvolverse entre o 15 de febreiro e o 30 de xuño de 2026 (I edición) ou entre o 1 de xullo e o 15 de decembro de 2026 (II edición)
- non é necesario que o estudantado ao que se dirixe a microcredencial universitaria conte con titulación universitaria previa, pero debe ser residente en España e maior de 18 anos.
- poden acollerse a esta convocatoria microcredenciais universitarias que recibisen esta axuda na convocatoria 2025.

As microcredenciais universitarias acollidas a esta convocatoria tamén poderán ser cursadas, ata completar o número máximo de prazas dispoñibles que se fixe pola dirección do curso, por estudantes que non contan con financiamento da bolsa do Banco Santander, se ben estes deberán abonar integramente o prezo público de matrícula.

### SOLICITUDE

As propostas de microcredencial universitaria financiadas con bolsas do “Programa de Bolsas Santander | Microcredenciais 2026” poden presentarse ata o 19 de decembro de 2025 a través da aplicación do Centro de Estudos Propios, a que se pode acceder mediante o seguinte enlace <https://aplicacions.usc.es/ofeepp/publica/solicitudes>, onde se piden os datos de identificación como membro do PDI da USC.

Indicarase que se desexa participar nesta convocatoria na páxina 4 **Matrícula/alumnos** no apartado “**Datos de subvencións, descontos ou exencións** indicando “Programa de Bolsas Santander 2026 (I ou II edición, segundo corresponda). O importe da bolsa sempre é de 300 euros.

A Comisión do Centro de Estudos Propios, en aplicación dos criterios que aparecen a continuación, decidirá que propostas de microcredenciais universitarias poden acollerse ao programa “Programa de Bolsas Santander | Microcredenciais 2026” e o número de bolsas que lle corresponden. Esta resolución será comunicada aos directores propoñentes das microcredenciais universitarias antes do 9 de xaneiro de 2026.

Aplicaranse como criterios de selección, de seren necesarios:

- experiencia previa na dirección de microcredenciais universitarias.

- distribución temporal dos cursos para dar cobertura ás dúas edicións do programa.
- distribución dos cursos entres as cinco grandes áreas de coñecemento.
- cualificación profesional derivada da superación do curso.
- data de presentación da solicitude.

Para obter máis información poden dirixirse a [cep.microcredenciais@usc.es](mailto:cep.microcredenciais@usc.es)

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O reitor  
Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ,  
REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 12/12/2025 13:28:51.

CSV: CC82-3F42-4444-A00F